

ALCUMES DE ESCUDEIROS

Un alcume é unha especie de sobrenome co que se trata de establecer unha diferenza ou connotación, ben dun individuo, ben dunha familia, ben dun lugar ou parroquia. Tamén se denomina: alcuño, nomeada, sobrenome e, por asimilación co castelán, apodo ou mote.

Nas sociedades antigas, antes de que se consolidara o sistema de apelidos, rexistros civís e demais, xogaron una importante función na individualización de persoas e familias; mesmo, co tempo, moitos pasaron a ser apelidos e viceversa.

Os alcumes abranguen tódalas clases sociais, aínda que predominan máis nas clases sociais baixas que nas altas. Asemade, ocupan a maioría de espazos, aínda que se dan máis no mundo rural cá no urbano.

Factores relacionados coas persoas que fan aparecer os alcumes:

- Oficios e profesións.
- Carácteres físicos.
- Vicios ou defectos na fala.
- Comportamentos sociais non acaídos.
- Por razón de procedencia.
- Por mor da emigración.
- Por reiteracións continuas de algo na fala.
- Por identificacións deportivas, políticas, etc.
- “Os de...” Persoas que na liña xenealóxica marcaron á familia, por personalidade, centralidade ou outros aspectos, etc.

Aceptación individual do alcume.

- Aceptación de bo grado.
- Non lles dan importancia.
- Séntalles mal.

O alcume permanece na casa.

Así acostuma dicirse “A casa dos...”. Cando alguén casaba e ía vivir á casa do outro conxuge, pasaba a ter o mote da casa onde ía residir.

Funcións que desempeñan.

Cumpre tres funcións básicas: Saber a persoa da familia a que nos referimos; identificar a unha persoa nun espazo e servir como carta de presentación:

Á pregunta “E ti... ¿de quen ves sendo?” A resposta é “familia + alcume”.

Incrustación na cultura galega. O alcume é un aspecto moi interesante incrustado na cultura galega. Hoxe sobre unha lixeira regresión.

POBO	ALCUME COMUN	
Escudeiros	Os do Caldo	
FAMILIA	ALCUME FAMILIAR	ALCUMES PARTICULARES
Alberte Rodríguez		
Alberte Salgado	Os Maruxos	
Alfaia Diéguez	Os da Canle	José: O Alfaia
	Os da Alfaia	
Álvarez Carpintero	As Carlotas	
Álvarez Pérez	Os da Raña	
Carballo Gil	Os Cerillas	
Domínguez Alberte	Os Maruxos	Manuel: O Estreito
		Benito: Casulo
Estévez Alonso	Os Maruxos	Sr. Paulino: O Palito
		J. Paulino: Padrón
Feijoo Pérez	As Pipiolas	
	Os Carrizos	
Fernández Alberte	Os Maruxos	Antonio: Bembarek
	Os Peregrinos	
Freire Estévez	Os das feras	
Gil-	Os Cerillas	

Gil Alonso	Os Zambrada Os do Postal da Loba	Antonio: Zambrada
Gil González		Lola (Dolores): A Pina
Gil Míguez	Os Catarranas	Horacio: O Marqués do Pirinique O froumas
Gil Ojea	Os Catarranas	Carmen: A Pancha
Gil Rodríguez	As Chulas	Sinesio: O Quincoces O duque do Valiño
	As Padornedas	
Gil Yáñez	Os da Eulogia Os muiñeiros	
González Barreiro	Os do Sastre	José: O Sacristán
González Yáñez	Os do Palero Os porretillas	Julián: O Palero
Hermida Yáñez	Os Copelos	
Iglesias Barreiro		Ramón: O Momentico
Iglesias Mosquera	Os Cabixos	Sr. Atanasio: O Porras
Iglesias Yáñez	Os Porretillas Os do Forno	Román: Do Forno Xulio: Cañón
López Fernández	As Mileiras	
López Vázquez		D. Jose Antonio: O Señorito

		O Ameixas
Martínez Prado		Ignacio: O Molete Antonio: Santamaría
Méndez Lence	Os Xergonetas	José: Libin
	Os Lence	
Méndez Pérez	Os Anxelos	Carlos: O motorista O Casamitjana
Méndez Pérez	Os Lugueses	Manuel: O Manuel da Concha J. Manuel: O marqués de Fondevila
Nicolás Ballesteros	Os Veleiros	
Pérez Amorín	Os carolos	
Pérez Estévez	Os do Sr. Severino	José: Collar
Pérez Fernández	As Chiotas	
Pérez Gil	Os Lugueses	
Pérez Iglesias	Os do Forno	
Pérez Pérez	Os Adrianos	
Pérez Vázquez		Javier: O Tembleque
Rodríguez Alberte		Serafín: O Charafolas Guillermo: O Vivo Sr. Guillermo Yáñez: O Lampanas
Rodríguez Alonso	Os Galos	José (Pepe): O Grande

		Sr. José: O Pingueliño
Rodríguez Alonso	Os da Tapadiña	
Rodríguez Pérez	Os do Cuartel	César Rodrigo: Rediós
Rodríguez Salgado	Os Marquesees	
Rodríguez Yáñez	Os Fortes	Jose Antonio: Chedo
Rojo Martínez	Os do Cuartel	
Salgado Díaz	Os Marquesees	
Salgado Villamarín	Os Marquesees	Jaime: O Tratante Antonio: O Tratante
Vázquez Núñez	Os Cerillas	Pablo: O Camacho
Vázquez Rodríguez	Os da Sra. Celsa Os Eufrasios	
Vergara Pérez	As Pipiolas	Francisco: O Fogoneiro
Yáñez Ferro		Toño: O Rubio
	Os da Señora Adriana	
Yáñez Pérez	Os Porretillas	
	As Ñirras	
Yáñez Vázquez		Florindo: O Chilín Sr. Felisindo: O Rávecha